

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>

Inmersión verán 2008

Prazo aberto ata o 18 de febreiro

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca 2.800 prazas para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008.

Curso	Nº prazas e réxime	Distribución	Lugares celebración e duración	Achega económica das familias
1º e 2º Bacharelato	500 con aloxamento en familias ou en residencias 1º Bach: 250 2º Bach: 250	400 inglés 100 francés	Canadá Tres semanas	300 €
2º,3º e 4º da ESO 2000 prazas 1700 inglés 300 francés	4º ESO: 800 con aloxamento en familias	700 inglés 100 francés	Reino Unido (1.400) Irlanda (300) Francia (300) Tres semanas	100 €
	3º ESO: 700 con aloxamento en familias	600 inglés 100 francés		
	2º ESO: 500 con aloxamento en residencias	400 inglés 100 francés		
1º da ESO	200 con aloxamento en campamentos ou residencias	200 inglés	Distintos puntos da xeografía española Dúas semanas	50 €
6º de Educación Primaria	100 con aloxamento en campamentos ou residencias	100 inglés	Comunidade autónoma Dúas semanas	50 €

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación Educativa

1º

Como solicitar a axuda

Entra na web do programa, <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

1. Le a orde de convocatoria que atoparás na web.
2. Entra no apartado **2 Solicitar axuda**, e cubre o formulario.
3. Rexistra a solicitude e despois imprímea.
4. A solicitude e os anexos teñen que ser asinador polo teu pai/nai ou titor/a e o director/a do teu centro.
5. Fotocopia a documentación que tes que entregar e compúlsaa.
6. Presenta a solicitude, anexos e fotocopias compulsadas nun rexistro ou envíaas por correo, tal e como se indica na convocatoria.

3º

Publicación do alumnado admitido e excluído

Comproba periodicamente na páxina do programa <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

- As listaxes de admitidos e excluídos serán publicados na web, nos taboleiros dos centros de ensino, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas súas delegacións provinciais, indicando as causas da posible exclusión e a documentación para emendar.
- Terás un prazo de 10 días, despois da publicación, para presentar a documentación requirida. De non presentar dita documentación non será tida en conta.
- Dentro deste prazo poderás facer as reclamacións que consideres oportunas.

2º

Documentación que tes que presentar

- Anexo I, dependendo do curso no que esteas matriculado, ten que estar asinado.
- Anexo II, ten que estar asinado.
- Anexo III, ten que estar asinado por todos os membros declarantes.
- Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada do libro de familia de todas as follas.

Outra documentación para circunstancias especiais:

- Anexo IV, ten que estar asinado.
- Xustificación de que sodes unha familia monoparental (viúvo/a, solteiro/a, divorciado/a ou separado/a), fotocopia compulsada documento co acredite.
- Fotocopia compulsada da páxina do libro de familia no caso de orfandade.
- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa no caso de selo, en vigor.
- Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía, sempre que se alegue.
- Fotocopia compulsada do desemprego do teu pai/nai ou titor legal.

4º

Publicación das listaxes provisionais con adxudicación de destino

- Comprobar na web <http://www.edu.xunta.es/axudasle> que estás nas listaxes, estarán ordenadas por puntuación para cada un dos cursos.
- Tes que enviar a seguinte documentación nun prazo de 10 días:
 1. Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo V.
 2. Xustificante bancario do pagamento.
 3. Declaración segundo o anexo III.

- Deberás presentala por correo certificado ao seguinte enderezo:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**Edif. Administrativo de San Caetano s/n
15781 – Santiago de Compostela
A Coruña**

No caso de non enviar a documentación no prazo indicado implica que renuncias á axuda.

5º

Publicación da resolución definitiva con adxudicación de destino

Publicarase no DOG, na web da convocatoria e nos taboleiros dos centros de ensino.

Consultas Enderezo electrónico: xsoie@edu.xunta.es

Atención telefónica 981 54 02 87

Consulta periodicamente a información en <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

<http://www.edu.xunta.es/axudasle>